

CONCURSO PÚBLICO NÚMERO IBADER 2026/03

**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DO 20 DE ABRIL DE 2026, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS Nº IBADER 2026/03, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN NO MARCO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE I+D+i, QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN A TRAVÉS DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN ORDINARIA**

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) convoca concurso público de méritos Nº IBADER 2026/03, polo procedemento ordinario, para contratar persoal que especificamente colabore nas liñas, actividades e proxectos de investigación que figuran no [anexo](#) desta resolución, de acordo coas seguintes bases.

**BASES DA CONVOCATORIA**

**1.- NORMAS XERAIS**

Este concurso réxese polo disposto no *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019, modificado o 28 de outubro de 2022; no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado por Consello de Goberno o 24 de xullo de 2020, modificado o 6 de xuño de 2022; nos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; na *Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*, (en diante, LOSU); na *Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación*; na *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, e, supletoriamente, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, (en diante, LPACAP), e na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*, (en diante, LRXSP).

## 2.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para colaborar nas liñas, actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na liña, actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc., sen prexuízo do establecido na *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas*.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

## 3.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na liña, actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, que permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría no momento do remate do prazo de solicitudes.
- c) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.
- d) No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- e) Ter cumpridos os dezaseis anos.
- f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- g) Acreditar, se é o caso, a capacitación establecida pola *Orde ECC/566/2015*, do 20 de marzo, ou a que a substitúa, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso ou manexo de animais.
- h) Acreditar, no suposto de que a actividade a desenvolver implique o contacto habitual con menores de idade, a carencia de delitos sexuais mediante certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de conformidade coa *Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor* ou norma que a substitúa.

#### 4.- PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela [https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER\\_contratacion.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER_contratacion.htm) Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> A documentación complementaria presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada pola persoa interesada.

#### 5.- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da sede electrónica da Universidade:

5.1.- DOCUMENTO EN FORMATO PDF DO CURRÍCULO VITAE, DESTACANDO OS MÉRITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

5.2.- DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE A PERSOA INTERESADA MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.3.- COPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA NA QUE CONSTEN AS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NOS SEUS ESTUDOS PARA AS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE ACADÉMICO NOS MÉRITOS. SOAMENTE PARA ALUMNOS DE FORA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

## 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a dirección do IBADER ditará resolución no prazo de **TRES (3) días hábiles** seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se poderá consultar no taboleiro electrónico da Universidade <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> con indicación neste último caso da causa/s de exclusión. Tamén se poderá consultar na sección Emprego do sitio web do IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de **DOUS (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela [https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER\\_emendacontratacion.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER_emendacontratacion.htm)

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de **TRES (3) días hábiles** a contar dende o remate de prazo para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro electrónico da Universidade <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> Tamén se poderá consultar na sección Emprego do sitio web do IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo de **UN (1) mes**, ante o reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de **DOUS (2) meses**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo.

O feito de figurar na listaxe de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

## 7.- ÓRGANOS DO PROCESO DE SELECCIÓN

Os órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a comisión permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as comisións especializadas de selección.

### COMISIÓNS ESPECIALIZADAS DE SELECCIÓN

1. Para cada convocatoria de contratación están nomeadas as comisións especializadas de selección, publicadas nos anexos coa descrición de cada praza. De conformidade co artigo 7 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, están formadas por un mínimo de tres persoas investigadoras pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida na convocatoria. O/A investigador/a principal propoñente da convocatoria presidirá a comisión. Pódense nomear suplentes de acordo cos requisitos mencionados.

2. Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP, debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.
3. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.
4. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a, constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.
5. As comisións especializadas de selección poderán solicitar un informe a un experto externo para a valoración, que formará parte do expediente.

## **8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN**

### **FASE I**

A selección das persoas candidatas farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente comisión especializada de selección, a cal, á vista das solicitudes e currículos presentados así como dos criterios de baremación publicados, soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas das comisións especializadas de selección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas. De ser o caso, e para asegurar a cobertura dos contratos, a comisión publicará así mesmo unha relación complementaria de aspirantes ordenada segundo a puntuación acadada. A vixencia das listas rematará coa finalización da actividade que deu lugar á súa elaboración.

A comisión poderá declarar deserta a selección dos contratos obxecto de convocatoria no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes, mediante acordo suficientemente motivado que se incluíra na correspondente acta.

### **FASE II**

Unha vez finalizada a actuación da comisión especializada de selección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente ao director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural no correo electrónico: [direccion@ibader.gal](mailto:direccion@ibader.gal) que conterà:

- a) As solicitudes presentadas.
- b) Actas das diferentes reunións.
- c) A proposta de selección e, se é o caso, a relación complementaria de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada.
- d) Os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión.

A comisión especializada de selección disporá de **SETE (7) días hábiles** a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes, para elevar a proposta de contratación á dirección do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural e publicala no taboleiro electrónico da Universidade.

A resolución de selección da dirección do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural de selección publicarase no taboleiro electrónico da Universidade <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> no prazo máximo de **TRES (3) días hábiles** a contar desde a recepción da proposta de selección e indicará o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato. Tamén se poderá consultar na sección Emprego do sitio web do IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de **UN (1) mes** a contar desde a súa publicación.

Contra a resolución de selección, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de **DOUS (2) meses** a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro electrónico da Universidade.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de **UN (1) mes** perante o órgano que o ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Así mesmo, os actos que se deriven das diferentes convocatorias e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola LPACAP.

A interposición de recursos non interromperá o proceso de contratación.

## 9.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria dedicarase en exclusividade á realización das actividades propias da liña/proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida da liña/proxecto/actividade específica, así como á existencia de financiación concreta derivada da mesma.

Os contratos realizaranse de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais previstas na lexislación vixente.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, **no momento de sinatura do contrato**, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co *Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de convalidación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a educación superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.*

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevidas non previstas inicialmente.

## 10.- NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

## 11.- RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexan coñecedoras.

## 12.- INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas*.

## 13.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

## 14.- NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS ASPIRANTES

De acordo co artigo 9 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por Consello de Goberno, do 27 de setembro de 2019, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, para os efectos de notificación e de cómputo de prazos, realizaranse no taboleiro electrónico da Universidade <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> única notificación válida. Con carácter informativo tamén se poderá consultar na sección Emprego do sitio web do IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de **DOUS (2) meses** a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da *Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo*.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de **UN (1) mes** perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Lugo

O director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Mediante resolución reitoral do 24 de xullo de 2024 (DOG 31/07/2024) pola que se acorda a modificación da resolución do 21 de abril de 2022 (DOG 26/04/2022)

Pablo Ramil Rego

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO IBADER 2026/03

**RESOLUCIÓN DE LA DIRECCION DEL INSTITUTO DE BIODIVERSIDAD AGRARIA Y DESARROLLO RURAL DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DEL 20 DE ABRIL DE 2026, POR LA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS Nº IBADER 2026/03, PARA LA CONTRATACIÓN DE PERSONAL INVESTIGADOR Y DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN EN EL MARCO DE ACTIVIDADES Y PROGRAMAS DE I+D+i, QUE FIGURAN EN EL ANEXO DE ESTA RESOLUCIÓN A TRAVÉS DEL PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN ORDINARIA**

El Instituto de Biodiversidad Agraria y Desarrollo Rural (IBADER) convoca concurso público de méritos Nº IBADER 2026/03, por el procedimiento ordinario, para contratar personal que específicamente colabore en las líneas, actividades y proyectos de investigación que figuran en el [anexo](#) de esta resolución, de acuerdo con las siguientes bases.

### BASES DE LA CONVOCATORIA

#### 1.- NORMAS GENERALES

Este concurso se rige por lo dispuesto en el *Reglamento de selección de personal investigador y de apoyo a la investigación en el marco de actividades y programas de I+D+i*, aprobado por Consejo de Gobierno el 27 de septiembre de 2019, modificado el 28 de octubre de 2022; en el *Acuerdo sobre la clasificación profesional y las condiciones retributivas del personal investigador y del personal de apoyo a la investigación de la Universidad de Santiago de Compostela*, aprobado por Consejo de Gobierno de 24 de julio de 2020, modificado el 6 de junio de 2022; en los *Estatutos de la Universidad de Santiago de Compostela*, aprobados por el Decreto 14/2014, de 30 de enero; en la *Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario*, (en adelante, LOSU); en la *Ley 17/2022, de 5 de septiembre, por la que se modifica la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, Tecnología e Innovación*; en la *Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia*, y, supletoriamente, en la *Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, (en adelante, LPACAP), y en la *Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público*, (en adelante, LRXSP).

## 2.- OBJETO

El objeto de la presente convocatoria es la selección de personal para colaborar en las líneas, actividades y proyectos de investigación que figuran en el anexo de la presente convocatoria.

El personal contratado colaborará y trabajará específica y únicamente en la línea, actividad o proyecto de investigación para lo cual es contratado, que es de carácter finalista y en todo caso no estructural, mediante la financiación externa a través de la participación en convocatorias públicas o privadas, suscripción de convenios, concesión de subvenciones, etc., sin perjuicio del establecido en la *Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas*.

La forma de provisión será la de concurso de méritos, a través de la valoración de los criterios de baremación establecidos para cada plaza.

## 3.- REQUISITOS DE LOS CANDIDATOS

Para ser admitidas las personas aspirantes, además de cumplir los requisitos específicos exigidos en la línea, actividad o proyecto de investigación para la que realicen su solicitud y que figuran en el anexo de esta convocatoria, deberán poseer en el día de finalización de presentación de solicitudes y mantenerlos hasta la fecha de finalización del contrato, los siguientes requisitos de carácter general:

- a) Tener nacionalidad española o alguna otra de conformidad con el artículo 52 de la *Ley 2/2015, de 29 de abril, de empleo público de Galicia*, que permita el acceso al empleo público.
- b) Estar en posesión de la titulación y demás requisitos exigidos en la convocatoria para cada categoría en el momento de finalización del plazo de solicitudes.
- c) No haber sido despedido mediante expediente disciplinario de ninguna Administración Pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni estar en la situación de inhabilitación absoluta o especial para el desempeño de empleos o cargos públicos por resolución judicial, cuando se tratase de acceder a la misma categoría profesional a la que pertenecía.
- d) En el caso de nacionales de otros Estados, no estar inhabilitado o en situación equivalente, ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida en el Estado de origen el acceso al empleo público en los términos anteriores.

- e) Tener cumplidos dieciséis años.
- f) Poseer las capacidades y aptitudes físicas y psíquicas que sean necesarias para el desempeño de las correspondientes funciones o tareas.
- g) Acreditar, sí es el caso, la capacitación establecida por la *Orden ECC/566/2015*, de 20 de marzo, o la que la sustituya, por la que se establecen los requisitos de capacitación que debe cumplir el personal que maneje animales empleados, criados o suministrados con fines de experimentación y otros fines científicos, incluyendo la docencia, cuando el trabajo a realizar comprenda, en todo o en parte, el uso o manejo de animales.
- h) Acreditar, en el supuesto de que la actividad a desarrollar implique el contacto habitual con menores de edad, la carencia de delitos sexuales mediante certificado negativo del Registro Central de Delincuentes Sexuales, de conformidad con la *Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor* o norma que la sustituya.

#### **4.- PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

La presentación de las solicitudes se realizará únicamente por medios electrónicos a través de los formularios normalizados disponibles en la sede electrónica de la Universidad de Santiago de Compostela [https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER\\_contratacion.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER_contratacion.htm) Para la presentación de las solicitudes podrá emplearse cualquiera de los mecanismos de identificación y firma admitidos por la sede electrónica de la Universidad de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> La documentación complementaria se presentará electrónicamente utilizando cualquier procedimiento de copia digitalizada del documento original. En este caso, las copias digitalizadas garantizarán la fidelidad con el original bajo la responsabilidad de la persona solicitante.

El **plazo de presentación de solicitudes será de CINCO (5) días hábiles** contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria. La solicitud irá firmada por la persona interesada.

#### **5.- DOCUMENTACIÓN**

Las solicitudes deberán ir acompañadas de la documentación que se indica, que deberá ser presentada a través de la sede electrónica de la Universidad:

5.1.- DOCUMENTO EN FORMATO PDF DEL CURRÍCULUM VITAE, DESTACANDO LOS MÉRITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN Y QUE FIGURAN, PARA CADA PLAZA EN CONCRETO, EN EL ANEXO DE LA CONVOCATORIA.

5.2.- DECLARACIÓN RESPONSABLE EN LA QUE LA PERSONA INTERESADA MANIFIESTA BAJO SU RESPONSABILIDAD QUE CUMPLE LOS REQUISITOS Y QUE PUEDE ACREDITARLOS EN LA FECHA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.3.- COPIA DE LA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA EN LA QUE CONSTEN LAS CUALIFICACIONES OBTENIDAS EN LOS ESTUDIOS PARA LAS PLAZAS EN LAS QUE SE VALORE EL EXPEDIENTE ACADÉMICO EN LOS MÉRITOS. SOLAMENTE PARA ALUMNOS DE FUERA DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO.

La Universidad podrá requerir la exhibición de los documentos originales justificativos de los méritos y requisitos.

La inexactitud, falsedad u omisión de carácter esencial, de cualquiera dato o información en la declaración, así como la no presentación de la documentación cuando le sea requerida, determinará la exclusión del proceso de selección y/o la no formalización del contrato de trabajo, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que dé lugar.

## 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado el plazo de presentación de solicitudes, la dirección de IBADER dictará resolución en el plazo de **TRES (3) días hábiles** siguientes al final del plazo de presentación de solicitudes, declarando aprobada la lista provisional de admitidos y excluidos, que se podrá consultar en el tablón electrónico de la Universidad <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> con indicación en este último caso de la causa/s de exclusión. También se podrá consultar en la sección Empleo del sitio web de IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

Las personas aspirantes excluidas dispondrán de un plazo de **DOS (2) días hábiles**, contados a partir del día siguiente al de la publicación de la citada resolución, para poder enmendar los defectos o acompañar los documentos que motivaron su exclusión.

La enmienda se hará únicamente a través de la sede electrónica de la Universidad de Santiago de Compostela [https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER\\_emendacontratacion.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/IBADER_emendacontratacion.htm)

Las personas aspirantes que dentro del plazo señalado no enmienden la exclusión o aleguen la omisión, justificando el derecho a ser incluidas en la relación de personas admitidas, serán definitivamente excluidas. Esta lista, cuya publicación se hará efectiva en el plazo de **TRES (3) días hábiles** a contar desde la finalización del plazo para presentar enmiendas, se podrá consultar en el tablón electrónico de la Universidad <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> También se podrá consultar en la sección Empleo del sitio web de IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

Contra la exclusión definitiva se podrá interponer recurso potestativo de reposición, en el plazo de **UN (1) mes**, ante el rector, o bien recurso contencioso-administrativo en el plazo de **DOS (2) meses**, contados a partir del día siguiente al de la publicación de la misma, ante el Juzgado de lo Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo.

El hecho de figurar en la lista de personas admitidas no prejuzga que se les reconozca a las personas interesadas la posesión de los requisitos exigidos, que tendrán que acreditarse en su momento.

## 7.- ÓRGANOS DEL PROCESO DE SELECCIÓN

Los órganos de selección, al amparo del artículo 5 del *Reglamento de selección de personal investigador y de apoyo a la investigación en el marco de actividades y programas de I+D+i*, aprobado por acuerdo del Consejo de Gobierno de 27 de septiembre de 2019, son la comisión permanente, cuya composición y funciones se recogen en su artículo 6, y las comisiones especializadas de selección.

### COMISIONES ESPECIALIZADAS DE SELECCIÓN

1. Para cada convocatoria de contratación están nominadas las comisiones especializadas de selección, publicadas en los anexos con la descripción de cada plaza. De conformidad con el artículo 7 del *Reglamento de selección de personal investigador y de apoyo a la investigación en el marco de actividades y programas de I+D+i*, están formadas por un mínimo de tres personas investigadoras pertenecientes a un cuerpo, escala o categoría profesional para cuyo ingreso se requiera una titulación de nivel igual o superior a la exigida en la convocatoria. El/La investigador/a principal proponente de la convocatoria presidirá la comisión. Se pueden nombrar suplentes de acuerdo con los requisitos mencionados.

2. Sus miembros deberán abstenerse de intervenir cuando concurra en ellos alguna de las circunstancias previstas en el artículo 23.2 de la LRXSP, debiendo hacer manifestación expresa de las causas que concurran.
3. La pertenencia a órganos de selección será siempre a título individual y no se podrá ejercer en representación o por cuenta de nadie.
4. Después de la convocatoria de la persona que actúe como presidente/a, se constituirá la comisión. En la sesión de constitución la comisión acordará todas las decisiones que le correspondan para el correcto desarrollo del proceso.
5. Las comisiones especializadas de selección podrán solicitar un informe experto externo para la valoración que formará parte del expediente.

## **8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN**

### **FASE I**

La selección de personas candidatas se hará salvaguardando los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad por la correspondiente comisión especializada de selección, la cual, a la vista de las solicitudes y currículos presentados, así como de los criterios de baremación publicados, solamente valorará aquellos méritos obtenidos hasta la fecha en que finalice el plazo de presentación de solicitudes.

Las propuestas de las comisiones especializadas de selección serán motivadas y recogerán el orden de prelación de las personas aspirantes seleccionadas. De ser el caso, y para asegurar la cobertura de los contratos, la comisión publicará asimismo una relación complementaria de aspirantes ordenada segundo la puntuación obtenida. La vigencia de las listas finalizará con la finalización de la actividad que dio lugar a su elaboración.

La comisión podrá declarar desierta la selección de los contratos objeto de convocatoria en el caso de evidenciarse la inadecuación de los méritos de las personas aspirantes mediante acuerdo suficientemente motivado que se incluirá en la correspondiente acta.

## FASE II

Una vez finalizada la actuación de la comisión especializada de selección la persona que actúe como secretaria presentará el expediente al director del Instituto de Biodiversidad Agraria y Desarrollo Rural en el correo electrónico: [direccion@ibader.gal](mailto:direccion@ibader.gal) que contendrá:

- a) Las solicitudes presentadas.
- b) Las actas de las diferentes reuniones.
- c) La propuesta de selección y, si es el caso, la relación complementaria de personas aspirantes ordenada por la puntuación obtenida.
- d) Los recursos, si es el caso, que se presentasen contra las actuaciones de la comisión

La comisión especializada de selección dispondrá de **SETE (7) días hábiles** a contar desde la publicación de la lista definitiva de aspirantes para elevar la propuesta de contratación a la dirección del Instituto de Biodiversidad Agraria y Desarrollo Rural y publicarla en el tablón electrónico de la Universidad.

La resolución de selección de la dirección del Instituto de Biodiversidad Agraria y Desarrollo Rural se publicará en el tablón electrónico de la Universidad <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm> en el plazo máximo de **TRES (3) días hábiles** a contar desde la recepción de la propuesta de selección e indicará el plazo para la persona seleccionada formalice el contrato. También se podrá consultar en la sección Empleo del sitio web de IBADER <https://www.ibader.gal/seccion/1010/Normativa-Formularios.html>

El plazo máximo para resolver la convocatoria de selección será de **UN (1) mes** a contar desde su publicación.

Contra la resolución de selección, que agota la vía administrativa, las personas interesadas podrán interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo en el plazo de **DOS (2) meses** a contar desde el día siguiente a la publicación en el tablón electrónico de la Universidad.

No obstante, las personas interesadas podrán interponer recurso potestativo de reposición en el plazo de **UN (1) mes** ante el órgano que la dictó. En este caso, no se podrá interponer el recurso contencioso-

administrativo anteriormente indicado en tanto no recaiga resolución expresa o presunta del recurso administrativo de reposición, al amparo de los artículos 123 y 124 de la LPACAP.

Asimismo, los actos que se deriven de las diferentes convocatorias y de las actuaciones de las comisiones de selección podrán ser impugnados en los casos y en la forma establecida por la LPACAP.

La interposición de recursos no interrumpirá el proceso de contratación.

## 9.- CARACTERÍSTICAS DE LOS CONTRATOS

El personal contratado a través de esta convocatoria se dedicará en exclusividad a la realización de las actividades propias de la línea/proyecto/actividad de investigación que originase la convocatoria, por lo que la duración de la contratación está vinculada directamente a la propia vida de la línea/proyecto/actividad específica, así como a la existencia de financiación concreta derivada de la misma.

Los contratos se realizarán de acuerdo con lo que se disponga en el anexo del contrato convocado, bajo cualquiera de las modalidades previstas en la legislación vigente.

